

MALETA OS MUNDOS DE CUNQUEIRO

Cristina Novoa

Asesoría de bibliotecas escolares

Consellería de Educación. Xunta de Galicia

Pilar Sampedro

Asesoría de bibliotecas escolares

Consellería de Educación. Xunta de Galicia

doi:10.17075/mucnoc.2014.047



A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten, entre as súas responsabilidades, o deseño e posta en marcha de iniciativas para a mellora das bibliotecas escolares e o fomento da lectura entre os distintos sectores da comunidade educativa. A través da *Aseoría de bibliotecas escolares*, coordina as accións destinadas a favorecer prácticas innovadoras na dinamización destas bibliotecas e na adquisición de hábitos de lectura entre a poboación escolar, englobadas no programa denominado *HORA DE LER*, no que se encadra a proposta que é obxecto desta comunicación.

No ano 2010 iniciouse unha acción, denominada *maletas viaxeiras*, co fin de achegar ao profesorado interesado un conxunto de materiais relacionados cunha temática ou xénero, que favorecese a actualización das lecturas profesionais, motivase prácticas innovadoras e ampliase os recursos dispoñibles nas súas propias bibliotecas. Detectáronse ámbitos nos que é preciso apoiar as iniciativas do profesorado ou estimular o coñecemento de novos recursos e, a partir destes, realizouse a selección de materiais para a elaboración destas maletas viaxeiras. Nun principio, a poesía, a banda deseñada e unha selección de recursos ao redor da aprendizaxe e o fomento da lectura foron os temas escollidos. Ademais dunha selección de recursos, as maletas conteñen unha pequena guía con pautas para a súa utilización e propostas de actividades. Máis tarde engadíronse maletas sobre O Camiño de Santiago.

As doce maletas viaxeiras dispoñibles cédense en préstamo temporal, directamente aos centros educativos que as solicitan, ou a través da rede dos Centros de Formación e Recursos do Profesorado en Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Vigo e Pontevedra.

A existencia destes instrumentos ao servizo do profesorado difundíuse a través da páxina de Bibliotecas Escolares de Galicia, un espazo web que mantén a Aseoría de bibliotecas escolares e no que se atopan informacións, recursos, materiais de apoio e promoción de boas prácticas relacionadas con bibliotecas escolares e lectura. <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>

O paso das maletas polos centros constitúe unha ocasión, pois, para facer visibles determinados xéneros literarios, achegar materiais de calidade ao tratamento de certas temáticas e poñer no punto de mira efemérides e autores que deben estar presentes nas bibliotecas dos centros educativos.



Neste contexto, e con motivo da celebración, neste ano 2011, do aniversario do nacemento do autor de Mondoñedo, dispuxéronse dúas maletas máis que reciben o nome de «Os mundos de Cunqueiro» e que recollen obra deste autor e doutros creadores que se inspiran nos seus mundos.



Os mundos de Cunqueiro conteñen recursos de libros e sonoros, xunto con materiais que poden facilitar determinadas actividades (o caligrama *Laude do albariño*, a biografía de Cunqueiro da exposición *50 anos de Merlín e familia*, a bibliografía do autor da páxina Centro Virtual Cervantes, o poema de Eusebio Lorenzo Baleirón dedicado ao autor ou o pregón de Carlos Negro con motivo

do *IX Encontro estatal de Malabaristas*), e unha guía na que, ademais da relación de documentos seleccionados, se achegan enlaces na rede para seguir buscando información sobre o autor, así como unha proposta de actividades que hai que realizar aproveitando a presenza da maleta na biblioteca escolar. Acompáñase dun caderno que pretende recoller suxestións arredor desta temática e as actividades que se realizan en cada un dos centros polos que a maleta viaxa.

Os mundos de Cunqueiro comeza a súa andaina a finais de maio do 2011, con posterioridade á celebración do Día das Letras Galegas, e faino presentándose a través da páxina Bibliotecas Escolares de Galicia, na que se anuncia a súa dispoñibilidade e contido.

The screenshot shows the website 'Bibliotecas Escolares de Galicia' with the following content:

- Header:** XUNTA DE GALICIA, CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, Bibliotecas escolares de Galicia.
- Navigation:** Inicio » Fomento da lectura, Maletas viaxeiras: "Os mundos de Cunqueiro"
- Main Text:**

O 2011 foi dedarado polo Consello da Cultura Galega, "Ano Cunqueiro" por mor de celebrarse o centenario do seu nacemento.

Con este motivo, recóllese nunha nova "maleta viaxeira" algunhas das obras do escritor, xunto con outros títulos de autoría diversa, inspirados no fértil imaxinario creado por Álvaro Cunqueiro. Acompáñanse, entre outro material, dunha breve mostra de músicas publicadas a partir dos seus poemas.

As maletas "Os mundos de Cunqueiro" están dispoñibles para os centros que as soliciten, en préstamo temporal. Contacto: bibliotecasescolares@edu.xunta.es.

Esta maleta vense unir ás xa existentes de **lectura, cómic e poesía**, que andan a rolar polos centros de toda Galicia. A partir do vindeiro curso, estarán todas centralizadas na *Asesoría de bibliotecas escolares*.
- Image:** A photograph of a building with a dome, likely a library or school, with the text 'MALETA VIAXEIRA "OS MUNDOS DE CUNQUEIRO"' overlaid.
- Left Sidebar:**
 - Actualidade
 - ALFIN
 - Banco de experiencias
 - Bibliotecas escolares
 - Fomento da lectura
 - Hora de ler
 - Ler en mancomún
 - Libros a oito
 - Rede Lectura
 - Infantil e primaria
 - Secundaria
 - Xestión técnica
 - Plan de mellora de bibliotecas escolares
 - 2006/2007
- Right Sidebar:** Ligazóns B.
 - Abareque
 - B.E. de M...
 - B.E. de N...
 - BE/CRES
 - Biblioteca PUNTEDU
 - Biblioteca
 - Biblioteca
 - Biblioteca
 - Biblioteca
 - Extremad...
 - Biblioteca
 - Biblioteca Cantabria
 - Biblioteca Comundi...
 - Biblioteca Aragón
 - Biblioteca

Son obxectivos desta acción o de daren un motivo para a celebración do autor, serviren de apoio a actividades que se realicen nos centros ou ofertar documentación coa que poden non contar certas bibliotecas escolares.

Unha vez seleccionados os materiais, ofertada a maleta a través da súa publicación na páxina e da lista de correo *Plambe* (que comunica trescentas setenta e catro centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares), só queda recoller as solicitudes e observar as actividades que ao redor dela se realizan en cada un dos centros educativos.

Neste caso, as maletas tiveron moi pouco percorrido até o momento, pois as circunstancias impediron que puidesen pórse en marcha antes de xuño. Polo tanto, só poderemos comentar o seu paso por dous centros: CPI A Picota (Mazaricos) e CEIP Os Casais (Fene), pero as solicitudes realizadas até este momento

(15 de xullo) cobren desde o vindeiro setembro a febreiro do 2012. Neste tempo, as maletas viaxarán ao CPI Progreso de Catoira, CPI Castro Baxoi en Miño, IES Poeta Añón de Outes, CEIP Víctor López Seoane de Mazaricos, CPI Cernadas de Castro de Lousame, IES Sardiñeira da Coruña, CEE O Pedroso de Santiago, IES de Fene e CPI San Sadurniño, no concello do mesmo nome. Pode quedar, polo tanto, un pouco pobre, a mostra dos traballos realizados, pero servirán de pequena mostra e anticipo.

O CPI A PICOTA (Mazaricos, A Coruña) leva varios anos poñéndolle nome a cada unha das súas aulas. Antes de finalizar este curso, querían poñerlle o nome de Cunqueiro á que acolle aos alumnado de ensino infantil de cinco anos. Cando chega a maleta, colocan os materiais xunto cos que xa teñen na biblioteca do centro, a modo de exposición, no corredor principal, de forma que se poidan consultar e ler nos momentos de espera e asegurándose que todos teñan acceso a el.



O profesorado recolle notas de prensa relativas ao autor para traballar a actualidade e elaborar unha unidade didáctica dirixida aos diferentes niveis.

Entre as actividades que levan a cabo, pódense citar a ilustración de textos como *O paraugas Xacinto* e a recreación desta e doutras narracións. A mesma actividade de ilustración e recreación realízase con algunha das poesías neotroba-dorescas que, nalgún caso, se secuencia en diferentes viñetas.



Os máis pequenos saúdanos ao pasaren...

A inauguración da aula Cunqueiro dálles pé á visita de varios autores que pasan polo centro para falar do escritor e poñerlle voz: Serafín Marcos, a través dunha *performancel*/contacontos para o alumnado de infantil e primaria (de primeiro a cuarto curso), Anxo Angueira e Quique Costas para alumnado de quinto e sexto primaria e ESO. Contan tamén con varios alumnos e alumnas que len textos de Cunqueiro en voz alta, cántanos e, mesmo, fan versións de contos como *A cachola de Bouso* adaptando os lugares e personaxes á contorna de Mazaricos.



Despois de impartiren as conferencias e realizaren as contadas ao alumnado, os tres convidados inauguran a aula descubriendo a placa da porta e Cunqueiro queda formando parte do CPI da Picota e do mundo cotián da comunidade educativa.



No CEIP Os CASAIS (Fene, A Coruña) só puideron utilizar a maleta cun nivel, 4º de primaria, en varias sesións de *Hora de Ler* (un tempo que —todo o centro— dedica á lectura libre e silenciosa) e da área de Lingua galega.

Dísenos que «repartiron os libros por equipos e foron rotando ata que todos eles pasaron polas súas mans. Cada neno e cada nena seleccionou o que máis lle gustou para ler nesa media hora diaria de lectura. Cando remataron, e antes de escoller outro, lían o parágrafo que máis lles gustara ou impresionara, en voz alta, aos compañeiros. Explicaban, tamén, a razón pola que escolleran ese libro, se era como agardaban, se recomendaban ou non a súa lectura e os motivos».



Neste centro, tamén había unha razón de peso para facerse coa maleta, pois cando a rapazada deste centro participa na actividade «Salvando libros»¹, xustamente nesta aula escollérase *Escola de menciñeiros*, polos apartados de Novidade do Mundo e a Fauna Máxica. Cada neno/a escolleu unha das personaxes desta fauna máxica para deseñar/elaborar un marca páxinas da mesma con ela como motivo. Destas mesmas personaxes, individualmente ou en parellas, escribiron poesías que plasmaron en forma de caligramas ou inventaron algún pequeno relato sobre eles para contarlle ao resto da clase».



A maleta continuará a súa viaxe en setembro, tan axiña a rapazada volva ás aulas. En cada un dos centros polos que pase, irá con ela a maxia e a fantasía de Cunqueiro para que os máis novos gocen da súa palabra e coñezan até onde chega a súa influencia. A súa pegada nos lectores e as actividades que se xeren ao redor das obras xa non serán materia desta comunicación, que ten que pecharse no comezo da viaxe polos mundos de Cunqueiro.

O congreso *Mil e un Cunqueiros* é a oportunidade de dar visibilidade á iniciativa da maleta e á experiencia do seu paso polos centros educativos, un foro no que participar coa finalidade de vincular esta proposta da Administración e a realidade das bibliotecas escolares dos centros de ensinanza non universitaria con outros ámbitos como o académico ou cultural (que ás veces semellan afastados), a través da presenza da propia maleta e o seu decorrer, desde a propia selección de

1 Un traballo cooperativo que levaron a cabo noventa e seis bibliotecas escolares ao longo dos meses de abril de maio de 2011. Inspirándose en *Fahrenheit 451*, cada alumno/a destes centros ten que escoller o libro galego que salvaría nunha situación extrema e —a continuación— de entre todos estes, seleccionan un por cada etapa educativa, que representará ao centro na exposición xeral de todos eles.

materiais, a elaboración do caderno e a recollida das actividades que o profesorado e alumnado dos centros educativos realizan ao redor deste recurso.

A formación dos lectores non é en absoluto unidimensional. Cómpre poñer en xogo estratexias moi diversas e engadir coñecemento, entusiasmo, profesionalidade e recursos. Formar lectores en galego é aínda máis complexo, porque interveñen aínda moitas outras variables de carácter social e cultural no proceso. Vincular o alumnado actual cos referentes culturais e literarios da cultura galega presenta múltiples retos nestes momentos da historia do país e da evolución dos soportes e a forma en que se transmite a información e se experimenta o achegamento á lectura e aos libros. Un dos obxectivos desta pequena acción é conseguir que o profesorado teña apoios para actualizar a súa *mochila pedagóxica* e que se sinta estimulado para traballar con prácticas motivadoras e innovadoras no ensino da literatura e na formación da competencia lectora e literaria do alumnado.